

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de XUÑO de 2009**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, día 26 de xuño de 2009, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Toma de posesión do deputado do PP, Don Ignacio Codesido Barreiro.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/09, do 29 de maio.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.701 á nº 11.000, de 2009.

4.-Darlle conta ao Pleno da atribución da dedicación exclusiva ao deputado don José Manuel Rey Varela.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

5.-Toma de coñecemento do informe emitido o 8 de xuño de 2009 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006” sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento do camiño de Tarrío” do Concello de Porto do Son, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código 08.2100.0284.0

7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pav. Viso-Pontoibo e outros” do Concello das Pontes, incluída no Plan de obras e servizos (POS) Adicional 2/2006. Código 06.2102.0411.0

### **Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais**

8.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2009 2ª fase primeira relación integrado polos proxectos que a continuación se relacionan: Dotación de carreiro peonil na D.P. 4701 de Castro á estrada de Curtis PK 0+000 a 1+000 (Mesía) (0911300002.0).

9.-Aprobación definitiva da desafectación e permuta dunha parcela sobrante na D.P. 1405.

10.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2009 4ª fase integrado polo proxecto: Terminación da ampliación e mellora do trazado da D.P. 3503 desde o P.K. 0+400 ao P.K. 1+200 (Fene) (0411300004.2)

11.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009 sexta fase integrado polo proxecto:

Complementario nº 1 de ampliación e mellora de trazado na DP 5404 do PK 6,500 ao final de Xubia á praia da Frouxeira (Valdoviño).

12.-Aprobación do proxecto reformado de travesía na E.P. 0810 de Guiliade a Guísamo PK 0,97 a 1,67. Betanzos.

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

13.-Aprobación definitiva da cesión de uso da parcela 101-A do Polígono de Sabón ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia).

14.-Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial e o Concello de Mugaros para financiar as obras incluídas no proxecto de Campo de fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Mugaros.

15.-Aprobación da formalización de convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e 16 concellos da provincia para o mantemento dun grupo municipal de intervención rápida (GMIR).

16.-Aprobación da primeira fase do Plan especial de parques infantís 2009 e modificación das súas bases reguladoras.

17.-Aprobación da cuarta fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.

18.-Aprobación da terceira fase da anualidade 2009 do proxecto MANDEO.

19.-Toma de coñecemento do informe emitido o 2 de xuño de 2009 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o “Plan de control interno dos proxectos de gasto incluídos no proxecto Mandeo: o río como eixe dinamizador 2008-2010”, sobre a realización das verificacións dispostas no artigo 13 do Regulamento CE 1828/2006 da Comisión.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

20.-Proxecto PARTNET-tic.

21.-Expediente de modificación de créditos de aprobación polo Pleno 2/09 e modificación das Bases de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2009.

22.-Aprobación das bases para prestarlles os servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria aos concellos da provincia.

**Promoción Económica, Empleo e Turismo**

[23.-Aprobación do convenio co Concello da Laracha para promover a electrificación da reitoral de Golmar no termo municipal da Laracha.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

[ROGOS E PREGUNTAS](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE XUÑO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 26 de xuño de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	

Non asisten os Sres. Gacio Vázquez e Rama Seoane.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor adxunto, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

## **1.-TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PP, DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO.**

### INTERVENCIONES

#### Sr. Secretario xeral

O pasado 8 de xuño recibíuse nesta Secretaría Xeral unha credencial expedida pola Presidencia da Xunta Electoral Central na que se acredita que foi designado deputado provincial don Ignacio Codesido Barreiro en substitución, por renuncia, de don Ricardo García-Borregón Millán, por figurar como suplente na listaxe de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 27 de maio de 2007.

Por outro lado, don Ignacio Codesido Barreiro cumpriu o disposto no artigo 75.7 da Lei reguladora das bases do réxime local que sinala que todos os membros das Corporacións locais formularán, antes da toma de posesión, declaración sobre causa de posibles incompatibilidades e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos e formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais.

O Sr. Codesido Barreiro entra no salón de sesións e toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

Sr. López Varela

Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días, quero, en primeiro lugar desculpar a asistencia a este Pleno do noso voceiro, don Adolfo Gacio por motivos dunha viaxe oficial e tamén aproveito para darlle a benvida ao deputado do noso Grupo, do Grupo Popular, don Ignacio Codesido Barreiro, darlle a benvida a esta Corporación e desexarlle moitos éxitos na súa xestión.

Sr. Presidente

Grazas, tamén en nome de todos darlle a benvida a Ignacio que é un vello coñecido e un home experto en temas de administración local, foi moitos anos alcalde e espero que co seu traballo e as súas achegas mellore o traballo da deputación.

## **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/09, DO 29 DE MAIO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/09, do 29 de maio.

## **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.701 Á Nº 11.000, DE 2009.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.701 á nº 11.00, de 2009.

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

## **4.-DARLLE CONTA AO PLENO DA ATRIBUCIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA AO DEPUTADO DON JOSÉ MANUEL REY VARELA.**

Dáselle conta ao Pleno da resolución da Presidencia nº. 11.217, de 12 de xuño de 2009, pola que se atribúe a dedicación exclusiva ao deputado provincial don José Manuel Rey Varela.

## **5.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 8 DE XUÑO DE 2009 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2002-2006” SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS DISPOSTAS NO ARTIGO 4 DO REGULAMENTO CE 438/2001 DA COMISIÓ.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o informe emitido o 8 de xuño de 2009 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o “Plan de control dos proxectos de gasto incluídos no Programa operativo local 2002-2006”, sobre a realización das verificacións previstas no artigo 4 do Regulamento CE 438/2001 da Comisión.

1.- Tomar coñecemento do contido do citado informe emitido o 8 de xuño de 2009, que afecta aos pagos realizados desde o 1 de outubro de 2008 ata o 31 de decembro de 2008.

Neste informe indícase que se realizaron as verificacións precisas segundo as listas de comprobación facilitadas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, que inclúen en todo caso as seguintes comprobacións:

- 1.- Que os gastos son elixibles e realizáronse dentro do período de elixibilidade.
- 2.-Que están relacionados efectiva e directamente co proxecto aprobado.
- 3.-Que as condicións do POL respectáronse da maneira axeitada.
- 4.-Que os produtos ou servizos cofinanciados subministráronse.
- 5.-Que as normas relativas ás axudas estatais, á protección do medio ambiente e á igualdade de oportunidades respectáronse.
- 6.-Que a normativa nacional e comunitaria en materia de mercados públicos (contratación) respectáronse.

2.- Achegar o presente acordo ao Ministerio de Política Territorial para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Programa operativo local.”

**6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE TARRÍO” DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO 08.2100.0284.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Acondicionamento camiño de Tarrío" (código:08.2100.0284.0) do Concello de Porto do Son, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008, cun orzamento de contrata de 81.121,83 €, que non representan variación no seu orzamento total, pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% de orzamento total da obra.”

	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. Propios</u>	<u>Deputación</u> <u>Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento</u> <u>Total</u>
08.2100.0284.0	<u>Código</u>	Acondicionamento camiño Tarrío	39.026,09	26.865,12	11.174,53	4.056,09	81.121,83

**7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAV. VISO-PONTOIBO E OUTROS” DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA**



**RODRÍGUEZ, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) ADICIONAL 2/2006. CÓDIGO 06.2102.0411.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **"Pav. Viso-Pontoibo e outros"** do Concello das Pontes de García Rodríguez incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local adicional 2/2006 (Código: 06.2102.0411.0) cun presuposto de contrata de **56.333,14 €** que non representa variación no seu orzamento total nin cambia o seu obxecto nin a súa finalidade pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% .”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Presuposto Total</u>
06.2102.0411.0	As Pontes	Pav. Viso-Pontoibo e outros	50.746,5	0	0	5.586,64	56.333,14

**8.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 2ª FASE PRIMEIRA RELACIÓN INTEGRADO POLOS PROXECTOS QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN: DOTACIÓN DE CARREIRO PEONIL NA D.P. 4701 DE CASTRO Á ESTRADA DE CURTIS PK 0+000 A 1+000 (MESÍA) (0911300002.0).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 2ª FASE PRIMEIRA RELACIÓN integrado polos proxectos que a continuación se relacionan, cun orzamento total de 384899,47.- euros e que son as que a continuación se detallan:

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
DOTACIÓN DE SENDA PEONIL NA DP 4701 DE CASTRO A ESTRADA DE CURTIS PK 0+000 A 1+000 (MESÍA) (0911300002.0)	384.899,47
TOTAL	384.899,47

2.- Expoñer ó público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

**9.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUNHA PARCELA SOBRANTE NA D.P. 1405.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Con data do 02/03/2007, entrou no Rexistro Xeral desta corporación un escrito de D. Eliseo Calviño Lema, actuando no seu propio nome e representación, no que solicita a

permuta do resto do vial antigo en compensación polo terreo entregado para executar as obras de mellora de trazado da E.P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, no termo municipal de Cabana de Bergantiños.

2.

Segundo o informe emitido polo Servizo de Vías e Obras, o cal o emitiu con data do 30/03/2009, completado por outro posterior do 15/04/2009:

- O tramo afectado sitúase no punto quilométrico 3+900 da estrada.
- O Sr. Calviño Lema puxo a disposición desta corporación de forma voluntaria unha superficie de 1.696,80 m2.
- A superficie de terreo que solicita o Sr. Calviño Lema é de 811,07 m2.
- Coa realización das obras conseguíuse unha importante mellora do trazado da estrada no acceso á ponte Xavarido sobre o río Anllóns.
- Unha vez realizada a permuta a Deputación obterá unha superficie de 885,73 m2 superior á que adquirirá o Sr. Calviño Lema.
- O valor do terreo cedido polo Sr. Calviño Lema ascende a 6.532,68 € e o valor do terreo cedido por esta Deputación ascende a 4.801,53 €.
- A diferenza entre os devanditos importes é de 1.731,15 €.

3. O Pleno da corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/04/2009 aprobou inicialmente o expediente de desafectación da superficie de 811,07 m2 sobrantes ao modificarse o trazado da E. P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, no seu punto quilométrico 3 +900 e publicar no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de desafectación do tramo situado no punto quilométrico 3 +900 da C.P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, abríndose coa devandita publicación o prazo de información pública por prazo dun mes disposto no artigo 8 parágrafo 2º do R.B.E.L.

4. No Boletín Oficial da Provincia número 103 do 08/05/2009 publicouse o anuncio ao que se refire o apartado anterior.

5.

6. Segundo o informe emitido pola Sección de Actas, Rexistro e Información non se presentou ningunha alegación ao expediente.

7.

8. Por todo iso acórdase:

9. 1º.) Aprobar definitivamente o expediente de desafectación da superficie de 811,07 m2 sobrantes ao modificarse o trazado da E. P. 1405, de Pazos a Leas por Beres, no seu punto quilométrico 3 +900, como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto de "E.P. 1405 DE PAZOS A LEAS POR BERES, AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO PK 0,000 A 3,900", código 05.2400.0503.0, tramo que ten unha extensión de 811,07 m2, cuxa valoración se fixa en 4.801,53 €.

10. 2º.) Recibir e incorporar o inventario de bens, co carácter de patrimonial, do citado tramo.

11. 3º.) Permutar con D. Eliseo Calviño Lema, a parcela sobrante resultado da modificación de trazado da E. P. 1405, de Pazos a Leas por Beres como consecuencia do cambio de trazado que supuxo a execución das obras comprendidas no proxecto de "E.P. 1405 DE PAZOS A LEAS POR BERES, AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DE

TRAZADO PK 0,000 A 3,900", código 05.2400.0503.0, pola achega de 1.696,80 m2 realizada polo Sr. Calviño Lema, que se valora en 6.532,68 €.

12. 4º.) A referida permuta non supoñerá a achega de cantidade monetaria ningunha por parte desta Excelentísima Deputación provincial.
13. 5º.) Facultar ó presidente para a realización de todas cantas actuacións sexan necesarias para a formalización do presente acordo.”

#### **10.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2009 4ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DESDE O P.K. 0+400 AO P.K. 1+200 (FENE) (0411300004.2)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“

- 1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2009 4ª FASE cun orzamento total de 391306,38.- euros e que son as que a continuación se detallan:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TERMINACIÓN DA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 3503 DENDE O P.K. 0+400 Ó P.K. 1+200 (FENE) (0411300004.2)	391.306,38
TOTAL	391.306,38

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

En todo caso a aprobación definitiva queda condicionada á aprobación definitiva do expediente de resolución do contrato da obra AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 3503 (PK 0,400 A 1,200) (0411300004.0) (PLAN DE TRAVESÍAS 2004 PRIMEIRA FASE).

- 2) Remitir os citados proxectos ós concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-02-2008 (BOP 57/8-3-2008). “

#### **11.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 SEXTA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: COMPLEMENTARIO Nº 1 DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA DP 5404 DO PK 6,500 AO FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA (VALDOVIÑO).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“

- 1) Aprobar o PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 SEXTA FASE cun orzamento total de 149.275.53.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 que se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA DP 5404 DO PK 6,500 Ó FINAL DE XUBIA Á PRAIA DA FROUXEIRA (VALDOVIÑO) (0911100011.0)	149.275,53
TOTAL	149.275,53

2) Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

### **12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE TRAVESÍA NA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO PK 0,97 A 1,67. BETANZOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto REFORMADO DE TRAVESÍA NA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO PK 0,97 A 1,67 BETANZOS (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300003.1) polo seu orzamento de contrata de 342.596,65.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 49.437,11.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CUIÑA, S. A. (A15030364) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 284.355,22.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 41.032,80.- EUROS.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.641,31.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 11.374,21.- EUROS.”

### **13.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CESIÓN DE USO DA PARCELA 101-A DO POLÍGONO DE SABÓN AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR (XUNTA DE GALICIA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso da parcela 101 A do Polígono Industrial de Sabón - Arteixo ao Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar para a construción dunha galescola.

1) A valoración do ben, de acordo co informe emitido polo Servizo de Arquitectura do 11 de novembro de 2008 ascende a 1.650.000 euros.

A descrición da parcela 101-A do Polígono de Sabón figura no Inventario de Bens da Deputación (Epígrafe 1.1. - Inmobles Urbanos, número 39), de acordo co informe emitido polo Servizo de Arquitectura, é a seguinte:

"Segundo a referencia catastral do inmovible 0771401 NH 4907 S 0001 DT, a superficie é de 7545,00 m<sup>2</sup> no prego que rexe o procedemento de poxa da parcela 101-A, de data 22 de xuño de 1968, indícase textualmente: "Superficie: cinco mil metros cadrados, (5.000 m<sup>2</sup>), sen prexuízo da comprobación que no seu día se verifique cando estea rematado o encoro e se coñezan as cotas máis altas da auga embalsada".

Dado que existen variacións importantes entre os distintos datos de superficies achegados, no plano adxunto do levantamento topográfico realizado polo Servizo de Infraestruturas e Conservación delimitouse a superficie existente entre os peches das parcelas limítrofes, a parcela interior da gabia da estrada e a parte superior do noiro que limita co encoro, que supoñen 4.912,19 m<sup>2</sup>. Ante a similitude coa superficie do prego de poxa, suponse correcta esta última"

2) A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva destinada a galescola, que deberá estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos dende a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela a esta Excelentísima Deputación, para o cal será suficiente coa acta notarial expresiva de que o Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar, por requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento da galescola.

3) O prazo de cesión de uso da parcela será de trinta anos contados dende a entrega deste por parte da Deputación, reverterá a Deputación con todos os edificios e accesorios.

4) O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se perciban da cesión de uso da parcela serán por conta do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

5) O Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar asumirá todos os custos de conservación e mantemento.

6) Así mesmo, correrán por conta do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar todos os impostos que afecten á parcela en tanto estea a ser utilizado polo Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excelentísima Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar.

2º. Facultar o presidente para executar o presente acordo.”

#### **14.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O**

**CONCELLO DE MUGARDOS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE MUGARDOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar:

Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial e o Concello de Mugardos para financiar as obras incluídas no proxecto de CAMPO DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE MUGARDOS, cunha achega da Deputación provincial de 340.000,00 euros, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 83,33%, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/452H/762.01”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE CAMPO DE FUTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE MUGARDOS**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, Sr. Xosé Fernández Barcia, alcalde presidente do Concello de Mugardos

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Mugardos, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## **I- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugar dos para o financiamento da obra **CAMPO DE FUTBOL DE CESPEDE ARTIFICIAL NO RECINTO DEPORTIVO MUNICIPAL DE MUGARDOS**, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por *Calderón y Asociados Ingeniería Medioambiental s.l.*

O Concello de Mugar dos, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

P. E.M: 295589,61 euros  
GASTOS XERAIS : 38426,65 euros  
BENEFICIO INDUSTRIAL: 17735,38 euros  
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 56280,26 euros  
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 408031,90 euros

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 340000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 83,33%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/432E/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo e sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle o Concello de Mugardos o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que se fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Mugardos axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, e conforme aos pregos tipo aprobados pola Deputación Provincial da Coruña .

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Mugardos estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa. en lugar visible. na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Mugardos a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o Concello de Mugardos deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Orixinal ou copia compulsada da certificación de obra e da factura.



- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Mugardos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbese ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Mugardos para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Mugardos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Mugardos na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Mugardos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello de Mugaros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello de Mugaros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Mugaros poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Mugaros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Mugaros serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Mugar dos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia durante o prazo dun ano contado a partir da sinatura do presente convenio.

2. Previa solicitude do Concello de Mugar dos, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Mugar dos, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia do dous mil nove. E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS
Salvador Fernández Moreda	Xosé Fernández Barcia

**15.-APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E 16 CONCELLOS DA PROVINCIA PARA O MANTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA (GMIR).**

INTERVENCIÓNS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Unha breve intervención para pedirlle á Presidencia que deixe este asunto sobre a mesa para mellor estudo, para aprobalo no Pleno de xullo.

Sr. Presidente

Os concellos están a esperar por este tema dos GRUMIR, creo que hai un problema de desfase de datas que temos que resolver, porque senón non poderían xustificar o gasto, pero como están expectantes creo que é bo dicir que queda sobre a mesa pero que no mes de xullo traerase a aprobación. Moi ben.

Déixase este punto sobre a mesa para o seu mellor estudio.

**16.-APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009 E MODIFICACIÓN DAS SÚAS BASES REGULADORAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008

Logo de ver a proposta do presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento de modificación da base 9 das reguladoras deste plan coa finalidade de que o plan teña un carácter de “prepagable”



Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, na que se inclúen as solicitudes que integran unha primeira fase do plan porque contan co informe técnico favorable relativo a cada un dos proxectos, aínda que algunha solicitude deba quedar condicionada á emenda ou achega do documento que se especifica

1º) Aprobar a primeira fase do Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008, e cuxo texto íntegro se publicou no BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008.

Neste plan inclúense as 24 actuacións que se indican a continuación, coa indicación do seu detalle entre os respectivos concellos e a deputación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
ARES	09.3260.0001.0	MELLORA DO PARQUE INFANTIL ROSALÍA DE CASTRO DE ARES	7.874,10	44.619,90	52.494,00
ARZÚA	09.3260.0002.0	ACONDICIONAMENTO E MELLORA P. INFANTIL DE ARZUA	10.144,27	57.484,16	67.628,43
BERGONDO	09.3260.0003.0	MELLORA DE DEZ PARQUES INFANTÍS NO C. DE BERGONDO	10.945,58	60.000,00	70.945,58
BETANZOS	09.3260.0004.0	MELLORA E REF. PPQS. INFANTÍS CASTRO, VILADESUSO E XAN ROZO C. BETANZOS	8.657,54	49.059,36	57.716,90
BOIMORTO	09.3260.0005.0	MELLORA DE PARQUES INFANTÍS EN BRATES E ARCEO - BOIMORTO	7.612,89	43.139,73	50.752,62
BOQUEIXÓN	09.3260.0006.0	REF. ZONAS INFANTÍS EN CAMPORRAPADO, FORTE, LAMAS - BOQUEIXÓN	9.000,00	51.000,00	60.000,00
CABANAS	09.3260.0007.0	ACONDICIONAMENTO DE ÁREAS INFANTÍS - CABANAS	11.049,23	60.000,00	71.049,23
CEE	09.3260.0008.0	PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE CEE	15.222,14	60.000,00	75.222,14
CERDIDO	09.3260.0009.0	MELLORA PARQUE INFANTIL "O CASTRO"- CERDIDO	7.500,00	42.500,00	50.000,00
FENE	09.3260.0010.0	ADECUACIÓN Ó DECRETO 245/2003 DE 24 DE ABRIL, E INSTAL. DE 7 ÁREAS DE XOGOS EN FENE	28.379,50	60.000,00	88.379,50
LARACHA	09.3260.0011.0	REACOND. DE DOUS P. INFANTIS ÁREA RECREATIVA DE GABENLLE DE LARACHA	11.000,00	60.000,00	71.000,00
LAXE	09.3260.0012.0	MELLORA E REFORMA DE PARQUES INFANTÍS DE LAXE	10.350,00	58.650,00	69.000,00
LOUSAME	09.3260.0013.0	ACD. DOS PQS. INFANTÍS SEGUNDO DECRETO 245/2003 : TÁLLARA E A SILVA DE LOUSAME	10.237,02	58.009,76	68.246,78
NEDA	09.3260.0014.0	ADAPT. DOS P.I. A FEIRA DE ALBARÓN, IGREXA DE STA. MARÍA E PASEO MARÍTIMO DE NEDA	10.588,24	60.000,00	70.588,24
PONTECESO	09.3260.0015.0	MELLORA PARQUES INFANTÍS EN CORME, TELA E XORNES - PONTECESO	10.518,47	59.604,69	70.123,16
ROIS	09.3260.0016.0	ACONDICIONAMENTO DE PARQUES INFANTÍS NO CONCELLO DE ROIS	10.500,00	59.500,00	70.000,00
SADA	09.3260.0017.0	ADECU. DE EQUIP. E AUMENTO XOGOS PQ. INFANT. MPAL. R/PONTEDEUME DE SADA	11.307,88	60.000,00	71.307,88
SAN SADURNIÑO	09.3260.0018.0	MELLORA PQS. INFANTÍS MPAL. DA PISCINA E DO COLEXIO PÚBLICO-S.SADURNIÑO	5.597,51	31.719,23	37.316,74
SANTISO	09.3260.0019.0	ACTUACIÓNS EN PARQUES INFANTÍS C. SANTISO	18.678,58	60.000,00	78.678,58
TEO	09.3260.0020.0	MELLORA DE VARIOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS DE TEO	14.053,20	60.000,00	74.053,20
TOURO	09.3260.0021.0	REF. ZONAS INFANTÍS EN ESCOLA FONTE DÍAZ E PARQUE MARTÍN CODAX DE TOURO	11.229,08	60.000,00	71.229,08
TRAZO	09.3260.0022.0	MELLORA E REFORMA DE PARQUES INFANTÍS EN TRAZO	10.350,00	58.650,00	69.000,00
VEDRA	09.3260.0023.0	MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARQUES INFANTÍS C. VEDRA	10.560,18	59.841,05	70.401,23
VILARMAIOR	09.3260.0024.0	ADAPTACIÓN PARQUES INFANTIS DE DÍA, TRES E OUTROS C. VILARMAIOR	8.994,72	50.970,10	59.964,82
24		TOTAL	270.350,13	1.324.747,98	1.595.098,11

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

Despois de realizar todas as actuacións proxectadas nos parques, deben cumprir estritamente o indicado no Decreto 245/2003, do 24 de abril, pola que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como da Lei de accesibilidade 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo os paneis informativos que se coloquen nos parques deben axustarse ao indicado no citado Decreto 245/2003 e ao sinalado no apartado 2.1 da base 2 das reguladoras do plan.

3º) A aprobación definitiva das obras dos concellos de Ares e Neda queda condicionada ao cumprimento dos requisitos que para cada unha delas se indica a continuación, que deberá acreditarse con carácter previo á adxudicación destas:

CONCELLO	Ares
OBRA	Mellora do parque infantil Rosalía de Castro
CONDICIÓN	Obter a autorización da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia por estar en zona de servidume de protección de dominio público marítimo-terrestre

CONCELLO	Neda
OBRA	Adap. parques infantís A Feira de Albarón, Igrexa de Sta. María e paseo marítimo
CONDICIÓN	Obter a autorización da Dirección Xeral de Costas de Galicia (Demarcación de Costas) da Xunta de Galicia.

4º) Modificar a base 9 das reguladoras do plan relativa ao pago da achega provincial coa finalidade de darlle un carácter “prepagable”, de modo tal que o texto literal da citada base queda redactado do xeito seguinte:

#### “9 PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

Cando se reciba a documentación do concello xustificativa da adxudicación das obras ou subministracións que se indica na base 7, a deputación transferiralle ao concello, con carácter de prepagable, o 70% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

A medida que se execute a obra, os concellos deben presentar na deputación as correspondentes certificacións de execución das obras ou as facturas das subministracións, debidamente aprobadas polo órgano municipal competente e en exemplar triplicado, para a súa aprobación técnica pola deputación.

Xunto coa primeira certificación deberán presentarse dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido. Coa derradeira certificación ou factura deberá presentarse a correspondente acta de recepción.

Cando se presente a derradeira certificación ou factura acompañadas da acta de recepción, a deputación transferiralle ao concello o 30% ou resto da achega provincial, calculada sobre o presuposto de adxudicación, correspondente ao investimento executado.

O prazo de execución remata o 1 de decembro de 2010. Excepcionalmente, e por solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento disposto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006,

do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que o importe da obra executada sexa inferior ao 70% da achega da deputación transferida ao concello, iníciarase un procedemento de reintegro da cantidade que lle corresponda. O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación.

Ademais, coa última certificación de execución, deberase achegar unha reportaxe fotográfica das actuacións realizadas no parque, para poder comparar o seu estado final e inicial. Nesta reportaxe incluírase necesariamente unha fotografía do panel informativo no que figure que a adaptación do parque foi financiada pola deputación xunto co seu logotipo, segundo se esixe na base 2.

O concello deberá comunicarlle á Deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta Deputación ten disposto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a súa correcta execución.”

5º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

6º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

7º) Remitirlles o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

## **17.-APROBACIÓN DA CUARTA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008) e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .



Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo Sr. presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, con data do 15 de xuño de 2009, na que se inclúen as 3 solicitudes que presentan a documentación correcta no día de hoxe e que cumpren todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste plan especial.

Tendo en conta que existe crédito suficiente na partida presupostaria do plan para o financiamento dos 3 investimentos que integran esta fase:

1) Aprobar a cuarta fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 ( BOP núm.128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008) e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .

Nesta fase do plan inclúense as 3 actuacións que se indican a continuación,co detalle do financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
Neda	08.3250.0044.0	Iluminac. deportiva c.fútbol mpal de Neda	9.838,31	55.750,41	65.588,72
Porto do Son	08.3250.0045.0	Instalac. torres iluminación c.fútbol Preguntoiro" P. do Son	10.500,00	59.500,00	70.000,00
Teo	08.3250.0046.0	Iluminac. terreo xogo c.fútbol Cacheiras -Teo	11.233,40	60.000,00	71.233,40
<b>TOTAL....</b>			<b>31.571,71</b>	<b>175.250,41</b>	<b>206.822,12</b>

2) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

3) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan da deputación, modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial e máis polo acordo plenario provincial do 27-03-2009 de aprobación da terceira fase deste plan especial (BOP nº 74, do día 1 de abril de 2009) .

4) Someter este acordo a exposición pública durante dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentara ningunha.

5) Remitirlle este acordo para o seu coñecemento e posterior informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emitira informe ningún".

## 18.-APROBACIÓN DA TERCEIRA FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os pregos de prescricións técnicas particulares para a contratación das actuacións que máis adiante se indican, que desenvolven o contido do Proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013,

1º.- Aprobar a terceira fase da anualidade 2009 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta Deputación:

Código	Denominación	2009 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008-2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
09.2800.0010.0	Elaboración e edición de Unidade didáctica Pr. Mandeo	88.200,00 37.800,00 126.000,00	121.800,00 52.200,00 174.000,00		210.000,00 90.000,00 300.000,00
09.2800.0011.0	Redacción proxecto rede rutas de sendeirismo e elementos asociados. Pr. Mandeo	45.918,60 19.679,40 65.598,00			45.918,60 19.679,40 65.598,00
09.2800.0012.0	Redacción proxecto adecuación zona Os Caneiros. Pr. Mandeo	12.250,00 5.250,00 17.500,00			12.250,00 5.250,00 17.500,00
<b>TOTAL</b>		146.368,60 62.729,40 209.098,00	121.800,00 52.200,00 174.000,00		268.168,60 114.929,40 383.098,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/560 C/60103 do presuposto provincial.

Para a anualidade 2009 existe crédito dabondo na citada partida, e para a anualidade 2010 a Deputación comprométese a incluír no seu correspondente presuposto provincial o crédito necesario para financiar o importe correspondente á devandita anualidade.

En uso das facultades conferidas ao Pleno da Deputación no art.º 174.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, (BOE n.º 59 do 9 de marzo de 2004), modificar expresamente as porcentaxes anuais fixadas no citado artigo, de forma que o financiamento de cada anualidade, sexa a indicada anteriormente.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación

Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.”

**19.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME EMITIDO O 2 DE XUÑO DE 2009 POLO EQUIPO DESTA DEPUTACIÓN ENCARGADO DE REALIZAR O “PLAN DE CONTROL INTERNO DOS PROXECTOS DE GASTO INCLUÍDOS NO PROXECTO MANDEO: O RÍO COMO EIXE DINAMIZADOR 2008-2010”, SOBRE A REALIZACIÓN DAS VERIFICACIÓNS DISPOSTAS NO ARTIGO 13 DO REGULAMENTO CE 1828/2006 DA COMISIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Visto o informe emitido o 2 de xuño de 2009 polo equipo desta Deputación encargado de realizar o control do proxecto Mandeo Posta en valor das conchas fluviais 1ª fase: Río Mandeo" sobre realización das verificacións esixidas no artigo 13 do Regulamento CE 1828/2006 da Comisión, polo que se desenvolve o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

1.- Tomar coñecemento do contido do informe emitido o 2 de xuño de 2009, que afecta aos pagamentos realizados dende o 1 de xaneiro de 2007 ata o 20 de maio de 2009, no que se indica que se realizaron as verificacións precisas segundo as listas de control facilitadas pola Dirección Xeral de Cooperación Local, sen que exista ningunha incidencia destacable.

2.- Remitir o presente acordo ao Ministerio de Política Territorial para os efectos do seu traslado aos órganos de seguimento do Proxecto Mandeo cofinanciado con cargo á convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007/2013.”

**20.-PROXECTO PARNET-TIC.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional* (FEDER), ao **PROXECTO PARNET-tic** dentro da convocatoria “*Programa operativo de cooperación territorial espazo suroeste europeo 2007-2013*”, sendo o presuposto total da execución o seguinte:

<b>PROXECTO PARNET-tic</b>	<b>ACHEGAS PROPIAS</b>	<b>ACHEGA FEDER</b>	<b>TOTAL</b>
Deputación Coruña	136.691,98	410.075,94	546.767,92
Resto socios	335.388,46	1.006.165,40	1.341.553,86
<b>Total proxecto</b>	<b>472.080,44</b>	<b>1.416.241,34</b>	<b>1.888.321,78</b>

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto PARNET-tic e facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a súa execución, de acordo co seguinte presuposto:

<b>IMPUTACIÓN TEMPORAL</b>
----------------------------

<b>PARTIDA</b>	<b>DOTACIÓN</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>
0104/560G/131.00	218.550,81	72.850,27	72.850,27	72.850,27
0104/560G/160.03	66.499,08	22.166,36	22.166,36	22.166,36
0104/560G/226.99	4.900,00	1.225,00	2.450,00	1.225,00
0104/560G/227.99	256.818,03	56.790,00	178.833,06	21.194,97
<b>Total proxecto</b>	<b>546.767,92</b>	153.031,63	276.299,69	117.436,60

## **21.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE APROBACIÓN POLO PLENO 2/09 E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/09 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 15.910.828,57euros e que ofrece o seguinte resumo:

### **A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO**

#### **A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios..... 15.910.828,57

**Total de aumentos:..... 15.910.828,57**

#### **A.2) Baixas ( fontes de financiamento):**

RX. Remanente de tesourería para gastos xerais..... 15.910.828,57

**Total financiamento:..... 15.910.828,57**

## B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	0,00	
2. Gastos correntes	0,00	
3. Gastos financeiros	0,00	
4. Transferencias correntes	574.996,00	
6. Investimentos reais	0,00	
7. Transferencias de capital	15.335.832,57	
8. Activos financeiros	0,00	
9. Pasivos financeiros	0,00	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>15.910.828,57</b>	

### B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	15.910.828,57
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>15.910.828,57</b>

2º.- Modificación da base 48ª de execución do orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2009 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nos artigos 65 a 67 do Regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño e nos artigos 36 e 37 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia, aprobado polo decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

PARTIDA	BENEFICIARIO	NIF	FINALIDADE	IMPORTE PROXECTO	% FINANC. PROVINCIAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
0104/330B/489.01	Ongd Ecodesarrollo Gaia	G15507171	Mantemento da escola Coruña en Senegal	25.000,00	50,00	12.500,00
0104/330B/489.01	Ongd Viraventos	G70136429	Ciclo conferencias e exposición fotografías sobre Palestina	18.488,45	21,64	4.000,00
0104/463C/489.01	Fundación Galicia América	G15598873	Viaxe a Galicia da 1ª promoción do Instituto Santiago Apóstol (Bos Aires – Argentina)	36.480,00	24,67	9.000,00
0104/463C/789.01	Socd. parroquial de Vedra (Argentina)	T000000024	Reparacións no local social	28.000,00	80,00	22.400,00
0202/911E/462.01	A Coruña	P1503000J	Inauguración VIII Xogos do Eido Atlántico	178.245,00	80,00	142.596,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	NIF	FINALIDADE	IMPORTE PROXECTO	% FINANC. PROVINCIAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
0202/911E/462.01	A Coruña	P1503000J	A vivenda na Coruña: Espello da cidade	120.000,00	80,00	96.000,00
0202/911E/462.01	A Coruña	P1503000J	Viveiro municipal	90.000,00	80,00	72.000,00
0202/911E/762.01	A Coruña	P1503000J	Viveiro municipal	85.000,00	80,00	68.000,00
0202/911E/462.01	A Coruña	P1503000J	Unha cidade de Película	268.000,00	80,00	214.400,00
0202/911E/762.01	Ames	P1500200I	Urb. Travesía do Porto e Parque Central	2.362.156,40	16,93	400.000,00
0202/911E/762.01	Aranga	P1500300G	Adquisición trator-desbrozadora e accesorios	99.989,99	100,00	99.989,99
0202/911E/762.01	Ares	P1500400E	Adquisición tractor	115.000,00	100,00	115.000,00
0202/911E/762.01	Ares	P1500400E	Adquisición zodiac	18.299,99	100,00	18.299,99
0202/911E/762.01	Ares	P1500400E	Adquisición retroescavadora	78.700,00	100,00	78.700,00
0202/911E/762.01	Arteixo	P1500500B	Construción escola infantil Pastoriza	980.343,52	40,80	400.000,00
0202/911E/762.01	Arzúa	P1500600J	Acondicionamento zonas de xogos	198.169,64	56,20	111.367,93
0202/911E/762.01	Arzúa	P1500600J	Bancadas campo fútbol 2ª Fase	297.692,14	100,00	297.692,14
0202/911E/762.01	Baña, A	P1500700H	Adquisición tractor con desbrozadora e outros	119.949,25	100,00	119.949,25
0202/911E/762.01	Bergondo	P1500800F	Mellora instalacións no edificio da Senra	97.000,00	80,00	77.600,00
0202/911E/762.01	Bergondo	P1500800F	Instalación cuberta patio do CPI Cruz do Sar	150.000,00	80,00	120.000,00
0202/911E/762.01	Boimorto	P1501000B	Mellora camiños: Piñeiro, Rómelas...	102.114,68	100,00	102.114,68
0202/911E/762.01	Boimorto	P1501000B	Mellora do camiño e Paravico a estrada	47.885,32	100,00	47.885,32
0202/911E/762.01	Boqueixón	P1501200H	Ampliación iluminación pública e instalacións	73.473,34	100,00	73.473,34
0202/911E/762.01	Boiro	P1501100J	Roteiro turístico Vitres-Mosquete-Rus-	123.695,02	66,77	82.591,79
0202/911E/762.01	Boiro	P1501100J	Obras e equipo. centro sociocult. Abanqueiro	360.000,00	100,00	360.000,00
0202/911E/762.01	Boiro	P1501100J	Acondicionamento local centro social	49.756,16	100,00	49.756,16
0202/911E/762.01	Brión	P1501300F	Acond. e mellora infra. locais	249.284,02	96,28	240.000,00
0202/911E/762.01	Cabana de B.	P1501400D	Adquisición pa retrocargadora	110.000,00	100,00	110.000,00
0202/911E/762.01	Cabañas	P1501500A	Acondicionamento instalacións deportivas	63.988,82	100,00	63.988,82
0202/911E/762.01	Camariñas	P1501600I	Pavimentación contorno mercado municipal	240.000,00	83,33	200.000,00
0202/911E/762.01	Cambre	P1501700G	Mellora rede viaria	509.149,57	78,56	400.000,00
0202/911E/762.01	A Capela	P1501800E	Rede abastecemento auga Porcar-Cemiterio	71.369,50	100,00	71.369,50
0202/911E/762.01	A Capela	P1501800E	Rede sumidoiros A Corveira-A graña	78.630,50	100,00	78.630,50

PARTIDA	BENEFICIARIO	NIF	FINALIDADE	IMPORTE PROXECTO	% FINANC. PROVINCIAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
0202/911E/762.01	Carballo	P1501900C	Centro social en Cances	321.177,89	80,00	256.942,31
0202/911E/762.01	Carballo	P1501900C	Enerxía solar térmica en piscina Carballo	185.476,10	80,00	148.380,88
0202/911E/762.01	Cariño	P1509500C	Adquisición camión compactador	132.600,00	100,00	132.600,00
0202/911E/762.01	Carnota	P1502000A	Acondicionamento e mellora viais en San Mamede	50.000,00	100,00	50.000,00
0202/911E/762.01	Carral	P1502100I	Reparación e acond. pavillón munc. Carral	49.950,00	100,00	49.950,00
0202/911E/762.01	Cedeira	P1502200G	Remodelación e adap. instalación polideportivo	405.862,64	86,24	350.000,00
0202/911E/762.01	Cerceda	P1502400C	Mellora capa rodaxe avda. da Coruña	265.936,99	75,21	200.000,00
0202/911E/762.01	Cerdido	P1502500J	Reparación acceso campo fútbol e outros	50.000,00	100,00	50.000,00
0202/911E/762.01	Cesuras	P1502600H	Mellora de pavimentación de estradas	80.203,69	100,00	80.203,69
0202/911E/762.01	Coiros	P1502700F	Mellora instalacións iluminación pública	59.936,13	100,00	59.936,13
0202/911E/762.01	Corcubión	P1502800D	Mellora pav. zona norte praza Campo do Rollo	135.000,00	100,00	135.000,00
0202/911E/762.01	Corcubión	P1502800D	Adquisición equipos	4.872,00	100,00	4.872,00
0202/911E/762.01	Corcubión	P1502800D	Mobiliario de oficina	6.362,60	100,00	6.362,60
0202/911E/762.01	Corcubión	P1502800D	Mobiliario urbano	3.765,40	100,00	3.765,40
0202/911E/762.01	Coristanco	P1502800D	Adquisición pa retroescavadora	144.000,00	100,00	144.000,00
0202/911E/762.01	Culleredo	P1503100H	Acondicionamento praza Sanjurjo de Carricarte	128.126,59	100,00	128.126,59
0202/911E/762.01	Culleredo	P1503100H	2ª Fase polideportivo colexio Ría do Burgo	199.026,50	80,04	159.301,19
0202/911E/762.01	Culleredo	P1503100H	Proxecto edificio arquivo municipal	112.898,57	99,71	112.572,22
0202/911E/462.01	Curtis	P1503200F	Promoción turística e económica	50.000,00	100,00	50.000,00
0202/911E/762.01	Dodro	P1503300D	Rehab. cruceiro praza pública de Revixós e outros	143.001,34	44,25	63.278,78
0202/911E/762.01	Dodro	P1503300D	Adquisición maquinaria labores de mantemento	76.634,36	100,00	76.634,36
0202/911E/762.01	Dodro	P1503300D	Enterramento liña BT en Imo	36.285,01	100,00	36.285,01
0202/911E/762.01	Dumbría	P1503400B	Cemiterio de Estimán (cuberta e acabado)	406.575,36	49,19	200.000,00
0202/911E/762.01	Fene	P1503600G	Vestuarios campo fútbol os Pinares en Perlío	190.891,42	100,00	190.891,42
0202/911E/762.01	Fene	P1503600G	Substitución pavimento pavillón municipal Ramo	109.108,58	100,00	109.108,58
0202/911E/762.01	Fisterra	P1503800C	Reparación pista cuberta polideportiva Sardiñeiro	120.000,00	100,00	120.000,00
0202/911E/762.01	Frades	P1503900A	Adquisición de tractor e accesorios	119.457,02	100,00	119.457,02
0202/911E/762.01	Irixoa	P1504000I	Construción almacén	60.000,00	100,00	60.000,00
0202/911E/762.01	Laracha	P1504200E	Adquisición camión recollida do lixo.	130.000,00	46,15	60.000,00



<b>PARTIDA</b>	<b>BENEFICIARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE PROXECTO</b>	<b>% FINANC. PROVINCIAL</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b>
0202/911E/762.01	Laxe	P1504100G	Contorno faro de Punta Insua	149.999,99	100,00	149.999,99
0202/911E/762.01	Lousame	P1504300C	Adquisición tractor multiusos	90.000,00	100,00	90.000,00
0202/911E/762.01	Malpica	P1504400A	Adecuación parc. parque recreativo de Cerqueda	200.000,00	100,00	200.000,00
0202/911E/762.01	Mañon	P1504500H	Rep. cuberta e pintado ext. casa do concello	90.000,00	100,00	90.000,00
0202/911E/762.01	Mazaricos	P1504600F	Adquisición tractor e desbrozadora de brazo	106.000,00	80,00	84.800,00
0202/911E/762.01	Melide	P1504700D	Adquisición vehículo electricistas municipais	69.718,71	93,23	65.000,00
0202/911E/762.01	Melide	P1504700D	Proxecto rehabilitación vivenda Casa Museo	163.791,36	36,63	60.000,00
0202/911E/762.01	Melide	P1504700D	Proxecto adecuación interior centro sociocultural	349.994,48	100,00	349.994,48
0202/911E/762.01	Mesía	P1504800B	Acondicionamento local social en escola e outro	56.045,92	100,00	56.045,92
0202/911E/762.01	Mesía	P1504800B	Reparación pavillón polid. CEOP de Xanceda	91.507,19	100,00	91.507,19
0202/911E/762.01	Miño	P1504900J	Adq. vehículo tractor, remolque, guindastre e outros	70.000,00	100,00	70.000,00
0202/911E/762.01	Moeche	P1505000H	Repar. camiño Lavandeira a Barbelas	99.999,42	100,00	99.999,42
0202/911E/762.01	Monfero	P1505100F	Mellora estrada mosteiro Monfero-Piladaleña	150.000,20	100,00	150.000,20
0202/911E/762.01	Muros	P1505400J	Herba artificial campo As Salinas, Esteiro.	583.047,69	13,72	80.000,00
0202/911E/762.01	Muros	P1505400J	Adquisición antigo cine París	734.720,00	40,83	300.000,00
0202/911E/762.01	Muros	P1505400J	Construción módulos nichos cemiterio Atalaia	201.367,23	59,59	120.000,00
0202/911E/762.01	Muxía	P1505300B	Mellora rúa Matadero e cinco máis	199.991,82	100,00	199.991,82
0202/911E/762.01	Negreira	P1505700C	Construción edificio persoas con discapacidade.	333.313,60	59,90	199.648,24
0202/911E/762.01	Noia	P1505800A	Adq. conxunto architc. complexo museístico	318.000,00	66,04	210.000,00
0202/911E/762.01	Ordes	P1506000G	2ª fase alameda de Ordes	448.910,99	44,55	200.000,00
0202/911E/762.01	Oroso	P1506100E	Praza pública Alameda de Gois	101.925,40	99,71	101.625,36
0202/911E/762.01	Oroso	P1506100E	Dispositivos suxeición contedores lixo	48.374,09	100,00	48.374,09
0202/911E/762.01	Oroso	P1506100E	Adquisición carpa actos públicos municipais	50.000,55	100,00	50.000,55
0202/911E/762.01	Ortigueira	P1506200C	Sinalización vías públicas en varias parroquias	69.998,98	80,00	55.999,18
0202/911E/762.01	Outes	P1506300A	Rehabilitación casa concello anualidade 2009	514.993,14	38,84	200.000,00
0202/911E/762.01	Oza dos Rios	P1506400I	Formación beirarrúas en Castiñeiro	103.789,93	80,00	83.031,94
0202/911E/762.01	Paderne	P1506500F	Mellora acceso campo do Telleiro e xardín	49.997,87	100,00	49.997,87
0202/911E/762.01	Paderne	P1506500F	Construción local social Vilamourel	122.594,68	100,00	122.594,68

<b>PARTIDA</b>	<b>BENEFICIARIO</b>	<b>NIF</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE PROXECTO</b>	<b>% FINANC. PROVINCIAL</b>	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b>
0202/911E/762.01	Padrón	P1506600D	Acondicionamento paseo canal derivación río Sar	234.817,84	81,34	191.000,00
0202/911E/762.01	Padrón	P1506600D	Iluminación campo fútbol de Baiuca-Paxos	69.000,00	100,00	69.000,00
0202/911E/762.01	O Pino	P1506700B	Arran. estradas da M-643 Gándara-Petón e outros	124.081,52	100,00	124.081,52
0202/911E/762.01	A Pobra	P1506800J	Camión para a brigada municipal de obras	100.000,00	80,00	80.000,00
0202/911E/762.01	Ponteceso	P1506900H	Inst. tub. abast. sanea. e pluviais c/ aduana	105.048,50	100,00	105.048,50
0202/911E/762.01	Pontedeume	P1507000F	Adquisición mobiliario urbano	74.790,00	80,00	59.832,00
0202/911E/762.01	As Pontes	P1507100D	Acondicionamento estación autobuses	294.587,23	100,00	294.587,23
0202/911E/762.01	As Pontes	P1507100D	Dotación local social de A Casilla: (O. civil)	16.385,90	100,00	16.385,90
0202/911E/762.01	As Pontes	P1507100D	Dotación local social A Casilla (Local)	68.970,12	100,00	68.970,12
0202/911E/762.01	Porto do Son	P1507200B	Prox. acondicionamento pistas polideportivas ext.	125.061,04	76,76	96.000,00
0202/911E/762.01	Rianxo	P1507300J	Pavimentación accesos equipo deportivo de Vilas	96.257,39	100,00	96.257,39
0202/911E/762.01	Rianxo	P1507300J	Acometida instalación e equipo. deportivo de Vilas	90.455,38	100,00	90.455,38
0202/911E/762.01	Rianxo	P1507300J	Equipamento auditorio Municipal	113.287,23	100,00	113.287,23
0202/911E/762.01	Rois	P1507500E	Seguridade vial de Ponte Moeiro a Seira	110.000,00	100,00	110.000,00
0202/911E/762.01	Sada	P1507600C	Substitución infr. auga, saneamento e pluviais	176.253,42	100,00	176.253,42
0202/911E/762.01	Sada	P1507600C	Acondicionamento camiños e obras accesorias	123.722,63	100,00	123.722,63
0202/911E/762.01	S. Sadurniño	P1507700A	Restauración ribeira do río Xubia	141.904,53	61,16	86.794,00
0202/911E/762.01	S. Sadurniño	P1507700A	Antepro. rest. muro xardíns Pazo Marquesa	207.908,94	100,00	207.908,94
0202/911E/762.01	S. Sadurniño	P1507700A	Renovación rede viaria municipal	99.000,00	100,00	99.000,00
0202/911E/762.01	Santiago	P1507900G	Plan financiamento recuperación casco histórico	106.761,63	80,00	85.409,30
0202/911E/762.01	Santiago	P1507900G	Melloras no servizo abast. varias parroquias	178.879,51	80,00	143.103,61
0202/911E/762.01	Santiago	P1507900G	Restauración carballeiras (Nemenzo- Labacolla)	208.008,77	38,46	80.000,00
0202/911E/762.01	Sobrado	P1508100C	Acondicionamento Camiño Carregoto-Castro	30.000,02	80,00	24.000,02
0202/911E/762.01	Somozas	P1508200A	Pavillón polideportivo	1.425.639,85	10,52	150.000,00
0202/911E/762.01	Teo	P1508300I	Acond. contorno escola infantil Ramallosa	99.999,67	100,00	99.999,67
0202/911E/762.01	Teo	P1508300I	Adquisición retroescavadora con camión	111.940,00	100,00	111.940,00
0202/911E/762.01	Teo	P1508300I	Acond. área recreativa gandeiros Calo	240.317,48	100,00	240.317,48
0202/911E/762.01	Toques	P1508400G	Adquisición terreos San Antolín	150.000,00	89,43	134.145,00

PARTIDA	BENEFICIARIO	NIF	FINALIDADE	IMPORTE PROXECTO	% FINANC. PROVINCIAL	IMPORTE SUBVENCIÓN
0202/911E/762.01	Tordoia	P1508500D	Adquisición terreos para gardaría municipl	120.000,00	100,00	120.000,00
0202/911E/762.01	Touro	P1508600B	Adquisición tractor con desbrozadora	100.000,00	100,00	100.000,00
0202/911E/762.01	Trazo	P1508700J	Reforzo firme estrada Chaián	109.999,93	100,00	109.999,93
0202/911E/762.01	Val do Dubra	P1508900F	Acond. aulas form. e auditorio en Bembibre	119.999,99	100,00	119.999,99
0202/911E/762.01	Vedra	P1509000D	Reforma centro terceira idade	179.999,00	100,00	179.999,00
0202/911E/762.01	Vilarmaior	P1509200J	Saneamento Rieiro-Castro	90.000,00	100,00	90.000,00
0202/911E/762.01	Vilasantar	P1509100B	Acond. Camiños: Currás, Fachal, Braña...	196.879,29	100,00	196.879,29
0202/911E/762.01	Vilasantar	P1509100B	Distribución e acometida auga a Présaras	103.122,84	100,00	103.122,84
0202/911E/762.01	Vilasantar	P1509100B	Acondicionamento espazos naturais no concello	242.142,51	67,58	163.634,51
0202/911E/762.01	Vimianzo	P1509300H	Urbanización rúa Braña da Grixá	32.604,83	80,00	26.083,86
0202/911E/762.01	Vimianzo	P1509300H	Expropiacións rúa Braña da Grixá	6.159,01	80,00	4.927,21
0202/911E/762.01	Vimianzo	P1509300H	Urbanización Avda. O Vilar as Pasantes 1ª Fase	96.844,86	80,00	77.475,89
0202/911E/762.01	Vimianzo	P1509300H	Monumento ao emigrante e acond. contorno	69.000,00	80,00	55.200,00
0202/911E/762.01	Vimianzo	P1509300H	Iluminación pública na avda. O Vilar	35.391,31	80,00	28.313,05
0202/911E/762.01	Zas	P1509400F	Mellora tramo estrada A Piolla-Frandomil	210.009,14	100,00	210.009,14
			<b>TOTAL XERAL</b>	<b>23.426.324,05</b>		<b>15.958.728,57</b>

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades locais, para darlle cumprimento ao disposto no artigo 21 do Texto refundido da lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro e o artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

## **22.-APROBACIÓN DAS BASES PARA PRESTARLLES OS SERVIZOS EN MATERIA DE SANCIÓN POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA AOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- ”1) Aprobar as bases para prestarlles os servizos en materia de instrución dos expedientes e sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.
- 2) Publicar o texto íntegro das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- 3) Remitirlles aos concellos usuarios dos servizos tributarios da Deputación, o contido destas bases, xunto co modelo de acordo plenario que deberán adoptar, co fin de se o consideran oportuno, aprobar os correspondentes acordos de delegación segundo o procedemento establecido nas bases.
- 4) Facultar ao presidente para aprobar as normas que sexan necesarias para o cumprimento e desenvolvemento das bases, así como as xestións necesarias para a posta en funcionamento dos servizos a que se refiren.”

### **BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN MATERIA DE SANCIÓN POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA**

#### **BASE PRIMEIRA: OBXECTO.**

A Deputación Provincial da Coruña asumirá as competencias que se concretan máis adiante, relacionadas coa instrución dos expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, por delegación expresa dos concellos que así o acorden con adhesión particular e expresa de cada concello ás presentes bases.

#### **BASE SEGUNDA: RÉXIME XURÍDICO.**

O exercicio das competencias obxecto destas bases rexerase en primeiro termo polo que se determina na presente norma e, ademais, por:

- a) A Lei 18/1989, do 25 de xullo, de bases sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

- b) O Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- c) O Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- d) O Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado por Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo.
- e) O Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.
- f) O Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos.
- g) A Lei 17/2005, do 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- h) O Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- i) A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- j) As ordenanzas municipais sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- k) As demais normas de obrigada aplicación na materia.
- l) As normas que desenvolvan, complementen ou modifiquen ás anteriores.

### **BASE TERCEIRA: CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.**

A deputación asumirá a instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polos concellos no ámbito das súas competencias, por infracción da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Tamén instruirá os expedientes por interposición de recursos administrativos contra as resolucións sancionadoras e representará aos concellos nos recursos contencioso-administrativos que se presenten sobre esta materia.

Os concellos manterán a competencia para resolver os expedientes sancionadores e os recursos contra as resolucións sancionadoras.

Poderán levar a cabo esta delegación os concellos usuarios dos servizos tributarios da deputación que deleguen tamén, ou teñan xa delegada previamente, a competencia de recadación voluntaria e executiva das multas por infracción da normativa sobre esta materia conforme co que establecen as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia. Os concellos deberán ter en conta que as ditas bases esixen

á súa vez para delegar a recadación voluntaria e executiva das multas a previa delegación das competencias enumeradas no apartado 1 (contido mínimo) da súa base terceira.

O órgano instrutor será a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación (en adiante UISMT), e actuará como instrutor xefe o funcionario que para o efecto designe a deputación como responsable da dita UISMT.

Os concellos colaborarán na instrución dos expedientes sancionadores emitindo os informes e realizando as probas que en cada expediente se consideren necesarios polo seu instrutor.

#### **BASE CUARTA: COMETIDOS ESPECÍFICOS.**

Os cometidos específicos de cada administración (deputación e concello), nas distintas fases do procedemento sancionador, serán os seguintes:

##### 1. Denuncias.-

As denuncias serán gravadas na aplicación informática por persoal do concello.

Os boletíns de denuncia a utilizar polos axentes municipais serán elaborados pola deputación. O seu deseño, que será único para todos os concellos, será aprobado pola deputación. Cada boletín será identificado con un número secuencial preimpreso, para facilitar o seu seguimento e control.

Coa periodicidade que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena, os documentos orixinais das denuncias, así como as probas gráficas, documentais ou de calquera outro tipo que en cada caso procedan, serán enviados polo concello á UISMT, para a súa dixitalización e incorporación ao expediente.

##### 2. Notificación das denuncias.-

De conformidade co que se dispón ao respecto na normativa reguladora da materia, a notificación das denuncias farase:

- a) Normalmente, no momento da infracción. Será realizada polo axente municipal e quedará debidamente reflectida no boletín de denuncia. A información relativa a esta será gravada na aplicación, ao mesmo tempo que o boletín de denuncia, por persoal do concello.
- b) Cando non sexa posible a notificación no acto, corresponderalle á UISMT. No boletín de denuncia deberán facerse constar, coa debida concreción, as circunstancias que impediron a notificación no acto.

##### 3. Alegacións contra a denuncia e solicitude de probas.-

Cando o denunciado formule alegacións contra a denuncia e/ou solicítase a achega ou realización de probas, deberá facelo por escrito e presentar o documento ante a UISMT. Se o presentase no concello, este deberá remitirlas no prazo máximo que se determine

nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena.

Os escritos de alegacións e solicitude de probas serán dixitalizados e incorporados aos expedientes pola UISMT.

#### 4. Probas e informes.-

Cando o procedemento o requira, A UISMT requirirá do concello a colaboración que precise para a correcta instrución dos expedientes.

En particular, esta colaboración requirirase nos seguintes supostos:

- a) Cando sexa precisa a ratificación da denuncia polo axente municipal.
- b) Cando se teñan que realizar probas “sobre o terreo”, as cales correrán a cargo do concello.

A documentación correspondente deberá remitirse á UISMT, para a súa dixitalización e incorporación ao expediente, no prazo máximo que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena.

A competencia para decidir sobre a admisión ou non das probas solicitadas polo denunciado corresponderalle á UISMT, que lle notificará a aquela a decisión adoptada ao respecto.

#### 5. Propostas de resolución.-

Será competencia da UISMT a formulación das propostas de resolución, aplicando criterios uniformes e comúns para cada tipo de situación, sen especialidades en función do concello.

#### 6. Notificación das propostas de resolución.-

Cando proceda realizar a notificación ao denunciado da proposta de resolución, corresponderalle á UISMT.

#### 7. Alegacións á proposta de resolución.-

Cando o denunciado formule alegacións á proposta de resolución deberá facelo por escrito e presentar o documento ante a UISMT. Se o presentase no concello, este deberá remitirlas no prazo máximo que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena.

Os escritos de alegacións á proposta de resolución serán dixitalizados e incorporados aos expedientes pola UISMT.

#### 8. Resolucións.-

A competencia para ditar as resolucións dos expedientes corresponderá á Alcaldía ou ao órgano municipal de goberno que a teña atribuída regulamentariamente.

A aplicación informática facilitará o acceso ao expediente completo, vinculando os documentos dixitalizados cos trámites e actuacións que se reflectan nela, a emisión do documento de resolución, a súa incorporación ao expediente e a utilización de sinaturas



electrónicas nesta fase do procedemento. Cando este último punto non sexa posible, o concello deberá imprimir os documentos de resolución para que o órgano competente poña neles a súa sinatura autógrafa, e remítilos á UISMT no prazo máximo que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena.

#### 9. Notificación das resolucións.-

Corresponderalle á UISMT a notificación das resolucións ditadas nos expedientes sancionadores.

Co obxecto de evitar demoras no procedemento nos casos en que non se utilice sinatura electrónica nas resolucións, a deputación establecerá un sistema para que a UISMT coñeza de inmediato que se ditou e asinou a resolución dun expediente, de xeito que poida realizarse canto antes a súa notificación.

#### 10. Interposición dos recursos de reposición.-

Os escritos de interposición dos recursos de reposición deberán ser presentados ante a UISMT. Se os recibe o concello, deberán trasladalos á UISMT no prazo máximo que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena, para proceder á suspensión das actuacións, ademais da súa dixitalización e incorporación ao expediente.

#### 11. Propostas de resolución dos recursos de reposición.-

As propostas de resolución dos recursos de reposición serán elaboradas pola UISMT, previos os trámites que sexan procedentes en cada caso.

#### 12. Resolución dos recursos de reposición.-

A resolución dos recursos de reposición corresponderalle ao mesmo órgano municipal que ditou a resolución sancionadora.

A aplicación informática facilitaralle o acceso ao expediente completo, a emisión e incorporación ao expediente dos documentos das resolucións que resolvan os recursos de reposición e a utilización de sinaturas electrónicas nestes documentos.

#### 13. Notificación das resolucións dos recursos de reposición.-

Será tarefa da UISMT a notificación das resolucións recaídas nos recursos de reposición contra as sancións impostas.

Co obxecto de evitar demoras no procedemento nos casos en que non se utilice sinatura electrónica nas resolucións dos recursos de reposición, a deputación establecerá un sistema para que a UISMT coñeza de inmediato que se ditou e asinou a resolución dun recurso de reposición; de xeito que poida realizarse canto antes a súa notificación.

#### 14. Comunicacions da interposición dos recursos contencioso-administrativos.-

A interposición dos recursos contencioso-administrativos deberá ser comunicada á UISMT. Se a comunicación a recibise o concello deberá trasladarlle o escrito no prazo

máximo que se determine nas normas de desenvolvemento destas bases que se aproben ao abeiro do establecido na base novena, para a suspensión de actuacións, se procede.

Os escritos de comunicación da interposición do recurso contencioso-administrativo serán dixitalizados e incorporados ao expediente pola UISMT.

#### 15. Comparecencia da Administración nos recursos contencioso-administrativos.-

A representación da administración nos recursos contencioso-administrativos corresponderalle ao letrado-asesor xurídico da deputación, ou á persoa que regulamentariamente o substitúa ou delegue nela.

#### 16. Pago das multas.

O pago, tanto bonificado como ordinario, das multas que se deriven dos expedientes sancionadores deberá realizarse exclusivamente polos medios e nos lugares designados para o efecto para cada suposto pola deputación, e que aparecerán indicados nos boletíns de denuncia, nas notificacións de denuncia e de sanción e nos documentos de ingreso.

O concello deberá absterse de admitir pagos por estes conceptos. Se recibise algún deberá comunicalo á UISMT en canto teña coñecemento do mesmo. A UISMT daralle ao concello as instrucións precisas para posibilitar que o dito pago poida aplicarse ao expediente que corresponda.

#### 17. Traslado dos expedientes a outras administracións.-

No suposto de que en calquera momento da instrución do expediente se teña que trasladar a outra administración, por ter competencias en relación con el, a UISMT será a encargada de:

- a) Acordar a adopción das medidas preventivas e cautelares que procedan, sen prexuízo da colaboración do concello para levalas a cabo.
- b) Confeccionar e enviar unha copia compulsada e numerada do expediente físico.
- c) Manterse informada sobre o estado das actuacións que leve a cabo a administración receptora del.
- d) Realizar á súa vez as actuacións que correspondan como consecuencia das resolucións que adopte a administración receptora.

#### 18. Anotación das sancións por infraccións graves e moi graves e da detración de puntos.-

A anotación da imposición de sancións por infraccións graves e moi graves, así como da detración de puntos do permiso de condución, nos rexistros oficiais da Dirección Xeral de Tráfico será responsabilidade da UISMT, para o que a deputación acordará co organismo titular dos ditos rexistros o procedemento a seguir e os medios a utilizar.

### 19. Exposición pública de edictos.-

O concello responsabilizárase da exposición pública nos seus taboleiros de anuncios dos edictos de citación para notificación por comparecencia e outros que dite a deputación no exercicio das competencias delegadas.

#### **BASE QUINTA: NORMALIZACIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

Co obxecto de normalizar e regularizar o sistema de infraccións e sancións, e evitar así que a mesma infracción sexa penalizada con sancións distintas segundo o municipio no que se cometa, a deputación elaborará un cadro normalizado delas, que poderá ser incorporado polos concellos ás súas ordenanzas municipais sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

#### **BASE SEXTA: SEGUIMIENTO POLOS CONCELLOS DA INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES.**

As autoridades e funcionarios dos concellos debidamente autorizados e acreditados poderán facer o seguimento puntual da instrución dos expedientes sancionadores, así como obter resultados globais e estatísticas de xestión, accedendo á aplicación informática.

#### **BASE SÉTIMA: PROCEDIMIENTO DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN.**

O procedemento para formalizar a delegación das competencias obxecto destas bases será o seguinte:

- 1) Acordo provisional de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante.
- 2) Comunicación do acordo á deputación.
- 3) Publicación no Boletín Oficial da Provincia e apertura dun prazo de 30 días hábiles para formular alegacións.
- 4) Acordo definitivo de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante. Este acordo poderá ser substituído pola certificación do secretario municipal, se o acordo provisional inclúe a previsión de que quedará automaticamente elevado a definitivo se non se formulan alegacións no prazo establecido para o efecto.
- 5) Comunicación á deputación do carácter definitivo do acordo municipal de delegación.
- 6) Acordo de aceptación da delegación, adoptado polo Pleno da deputación.
- 7) Publicación do acordo de aceptación no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeral coñecemento.

### **BASE OITAVA: VIXENCIA DA DELEGACIÓN.**

A delegación entrará en vigor dende o día seguinte ao da publicación do acordo de aceptación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que se poida iniciar a instrución de expedientes por denuncias formuladas en data anterior á de entrada en vigor, sempre que non se fixera a súa notificación no acto e que as infraccións ás que se refiran non prescribiran.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, no caso de que o proceso de delegación de competencias rematase, coa publicación da súa aceptación no Boletín Oficial da Provincia, antes do día 2 de xaneiro de 2010, a delegación non entrará en vigor ata a dita data.

A delegación da competencia de instrución dos expedientes sancionadores por infracción da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria terá en principio o mesmo período de vixencia que a delegación da competencia de recadación voluntaria e executiva das multas derivadas dos ditos expedientes, prorrogándose automaticamente ou quedando automaticamente sen efecto cando o faga a dita competencia recadatoria.

A delegación obxecto destas bases poderá deixarse sen efecto se calquera das partes comunica á outra, cun mínimo dun ano de antelación ao seu vencemento, o seu desexo de non prorrogala.

### **BASE NOVENA: NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.**

O presidente da deputación queda facultado para aprobar as normas que sexan necesarias para o adecuado cumprimento e desenvolvemento das presentes bases. As ditas normas quedarán incorporadas automaticamente, dende a súa entrada en vigor, ao corpo normativo que rexerá a prestación do servizo obxecto destas bases.

### **23.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO CONCELLO DA LARACHA PARA PROMOVER A ELECTRIFICACIÓN DA REITORAL DE GOLMAR NO TERMO MUNICIPAL DA LARACHA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA LARACHA para financiar a electrificación na reitoral de Golmar no CONCELLO DA LARACHA.

2º.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 47.963,78 euros, que supón o 100 % do presuposto total subvencionable.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/751A/762.01

3º.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

A Coruña, de dous mil nove

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. , en representación do CONCELLO DA LARACHA.

#### EXPOÑEN:

Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña ten atribuída a competencia de prestar asistencia técnica e económica aos concellos da provincia na prestación dos servizos de competencia municipal.

Que con data do 26 de outubro de 2007, por acordo plenario, foi aprobado o proxecto reformado da obra de rehabilitación e musealización da casa reitoral de Golmar, no termo municipal da Laracha, dentro do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

Como continuidade dese proxecto financiado pola Deputación, e, tendo en conta o anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación ós que deben de axustar a súa actuación as administracións públicas galegas, e en exercicio das competencias que lle son propias, acordan a formalización do presente convenio en base ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DA LARACHA para o financiamento da electrificación da reitoral de Golmar no CONCELLO DA LARACHA, tal como aparece definida esta no proxecto.

O CONCELLO DA LARACHA, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagreganse co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
INVESTIMENTO DA EXTENSIÓN	<b>41.348,090000 €</b>
DEREITOS DE ACCESO	519,394574 €
ENGANCHE	8,638732 €
TOTAL DEREITOS DE ACOMETIDA	41.876,123306 €
16 % IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	6.700,179729 €
DEPÓSITO DE GARANTÍA	195,462532 €
IMPREVISTOS	1.228,130000 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	49.999,89 €
<b>TOTAL SUBVENCIONABLE</b> (investimento da extensión aplicando o 16 % de IVE)	<b>47.963,78 €</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 47.963,78 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das

obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/751A/762.01, aprobado no expediente de modificación de créditos 2/08, na que a Intervención provincial habilitou crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DA LARACHA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DA LARACHA axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DA LARACHA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. A achega da Deputación seralle abonada ao CONCELLO DA LARACHA a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, o CONCELLO DA LARACHA deberá achegar a seguinte

documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Certificación do acordo de aprobación da certificación de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar a acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula NOVENA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DA LARACHA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DA LARACHA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE A LARACHA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA LARACHA na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o



CONCELLO DA LARACHA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DA LARACHA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DA LARACHA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DA LARACHA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DA LARACHA queda sometido aos procedementos

de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 €, se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DA LARACHA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DA LARACHA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata un ano a contar desde esta.

2. Previa solicitude do CONCELLO DA LARACHA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DA LARACHA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.”

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sra. González Vázquez

Bos días a todos. Presentei este rogo referente á obra da estrada 3003 de San Pedro de Visma a Mazaído, o estado de desleixo e abandono do ámbito de San Pedro de Visma foi unha das queixas máis reiteradas dos veciños da zona, especialmente debido ás ausencias de beirarrúas e os problemas que iso está a causar entre os usuarios. Os veciños manifestáronlle aos medios de comunicación, ao concello e aos grupos políticos o seu malestar e demandas de realización das obras, como a dotación de beirarrúas e iluminación da vía que dote dun mínimo de seguridade aos peóns que diariamente camiñan por esta estrada. Hai que recordar que nesta estrada está un centro que se chama Santa Lucía que acolle a persoas maiores, a persoas minusválidas.

O Partido Popular trasladou a súa demanda de solución tanto ao Concello da Coruña coma a través dos deputados na Deputación provincial, á Comisión Informativa e a unidades técnicas responsables. Con data do 20 de febreiro de 2008 foi aprobado na Comisión de Vías e Obras Provinciais o Plan de travesías 2008-2011, dentro do cal fora incluído o arranxo das beirarrúas da comarcal 3003 de San Pedro de Visma. Con data do 21 de xaneiro de 2009 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia o anuncio da licitación da obra en cuestión, incluída neste Plan vial local 2008.

Ante o exposto rogo instar para que o goberno da Deputación provincial atenda as queixas dos residentes das inmediacións da estrada de San Pedro de Visma a Mazaído, comarcal 3003 e que aproveitando a época estival se axilicen os trámites pertinentes en prol de executar no menor prazo de tempo posible as obras de mellora, dotación de beirarrúas, pavimentación e iluminación da citada estrada con, entre outras cousas, a posibilidade de que non se dea ningún contratempo nela, que si que se pode dar por como están a transitar por alí.

### Sr. Presidente

Grazas, Sra. deputada, con respecto ao seu rogo pódollo responder. Eu non son consciente de que houbera queixas por parte dos veciños, e pódolle dicir que o arranxo da estrada 3003 San Pedro de Visma a Mazaído incluíuse no proxecto de Rede viaria local, estaba incluído, e adxudicouse, e ten dúas fases, o que se adxudicou é unha actuación no outro extremo e unha capa de aglomerado na zona da estrada da que estamos a falar.

Como consecuencia de certas noticias na prensa dun señor que dicía que estaba a facer unha beirarrúa nese tramo da estrada, eu, aproveitando a inauguración da estrada A Moura-Bens o 18 de marzo acheguei-me a velo, e díxenlle, "pero que fai

vostede, home? ", estaba a cavar unha cousa de 50 centímetros entre a maleza que non tiña sentido. Díxenlle "Mire vostede, non hai ningún problema, estamos a actuar nesta estrada, pódese facer un complementario, facemos unha senda peonil que me parece que vale 18.000 euros, polo tanto, deixe vostede de facer iso, comprendo a súa preocupación, pero a Deputación vai atender isto". Isto foi o 18 de marzo, efectivamente, cando estivemos alí, o señor preguntoulle ao enxeñeiro que en canto tempo podía empezar a obra e o enxeñeiro, ao mellor, sendo un pouco imprudente, dixo no prazo dun mes. Ben, non foi así, non foi así porque non é posible, estabamos a falar do 18 de marzo. Para facer o que xa se empezou a facer onte houbo que facer un reformado do proxecto e houbo que facer un complementario do sistema de seguridade e saúde da obra. Ese proxecto aprobouse no Pleno do pasado mes de maio, creo que foi o último venres de maio. Unha vez aprobado temos que poñelo a exposición pública quince días, logo temos que asinar o contrato e logo iniciar as obras.

Eu lamento que o señor non comprendese os tempos da administración, que non podemos dicir, fágase, senón que hai que tramitar un expediente e leva tempo, e puxese anuncios como puxo por aí e chegando mesmo a insultar, e chamando a este presidente mentireiro. Dende o momento en que eu estiven alí púxose en marcha o proceso para redactar a modificación do proxecto, porque non se pode adxudicar ningunha obra sen que veña a este Pleno e este Pleno aprobe esa modificación, e non se pode adxudicar ningunha obra, comezar ningunha obra, sen que haxa un proceso de licitación e de adxudicación.

Polo tanto, creo que a Deputación estivo dilixente, actuou con prontitude, lamento que non soubesen medir os tempos e o que queda claro é que a estrada xa se iniciou onte, unha vez que se asinou o contrato e aquí están as fotos feitas onte mesmo. Polo tanto, creo que dou cumprida resposta ao seu rogo.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e dezasete minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.